



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

DECRETO: Decreto nomeamento convocatoria xurado premios XIII Concurso de creación literaria 2026 Concello de Betanzos.

Expediente: 2026/A002/000001 **Asunto:** XIII Concurso de creación literaria
Interesado: Concello de Betanzos **Data de inicio:** 27 de marzo de 2026
Procedemento: nomeamento e convocatoria **Forma de inicio:** de oficio

EXPEDIENTE:2026/G003/000838

Doña María Barral Varela, Alcaldesa do Concello de Betanzos, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

No *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* n.º 62, do 6 de abril de 2026, publicáronse as bases e a convocatoria do XIII Concurso de creación literaria do Concello de Betanzos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A base sétima do XIII Concurso de creación literaria do Concello de Betanzos recolle expresamente o seguinte:

“O xurado estará composto por un/unha presidente/a e un/unha secretario/a nomeados/as para tal efecto e mais un/unha vogal de cada un dos centros de ensino de Betanzos con alumnado participante, así como unha escritora de recoñecido prestixio.”

Así mesmo, a base oitava do XIII Concurso de creación literaria do Concello de Betanzos recolle expresamente o seguinte:

“O prazo de resolución do xurado será dun máximo de quince días a partir da data límite de entrega dos traballos. O nome dos gañadores e gañadoras publicarase na páxina web do Concello (www.betanzos.gal) logo da resolución do xurado.”

Tendo en conta o artigo 30.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo de resolución do xurado son 15 días hábiles a partir da data límite de entrega dos traballos (30 de abril).

Ao abeiro do recollido na Ordenanza de impulso da lingua galega no Concello de Betanzos, *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* n.º 240, do 21 de decembro de 2016.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



